

Registro de entrada: UVIGO1101 Nª 200600008229

En relación co escrito, con rexistro de entrada 200600008056, remitido a esta Sección Sindical no que 120 traballadores e traballadoras solicitan que promovamos a convocatoria dunha asemblea, comunícolle que segundo a lexislación vixente non é posible convocar a referida asemblea con esa orde do día.

O Estatuto dos Traballadores no seu artigo 67.3 di:

“A duración do mandato dos delegados de persoal e dos membros do Comité de Empresa será de catro anos, entendéndose que se manterán en funcións no exercicio das súas competencias e das súas garantías ata que non se promovesen e celebrasen novas eleccións.

*Soamente poderán ser revogados os Delegados de Persoal e membros do Comité durante o seu mandato, por decisión dos traballadores que os elixiran, mediante asemblea convocada para o efecto a pedimento dun terzo, como mínimo, dos electores e por maioría absoluta destes, mediante sufraxio persoal, libre, directo e secreto. **Non obstante, esta revogación non poderá efectuarse durante a tramitación dun convenio colectivo, nin reformularse ata transcorridos, polo menos, seis meses.**”*

Polo tanto para que esta Sección Sindical promova a convocatoria de asemblea é preciso que a súa orde do día se axuste á normativa vixente.

Vigo 30 de maio de 2006

Atentamente

Manuel Velasco Graña

Coordinador da Sección Sindical
de CC OO da Universidade de Vigo

JOSÉ LAMAS ALVARIÑO E 120 ASINANTES MÁIS.
EDIFICIO CACTI E RESTO DE DEPENDENCIAS UNIVERSITARIAS